



TÍTULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS

Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia

Principios de conservación preventiva III

Departamento: Principios de conservación de bens culturais

Formación básica

Curso: 2º

1º Cuadrimestre

2 ECTS

Teórica

Profesor: Alberto Conde

albertoconde@edu.xunta.gal

Horario: 2 horas semanais

DESCRIPCIÓN DA MATERIA

Museo e clima. Control de deterioración no edificio, almacenamento, depósito e exposición.

Sinistros. Riscos e emerxencias. Métodos de seguridade.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T11	Desenvolver na práctica laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara a diversidade.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
T16	Usar os medios e recursos ao seu alcance con responsabilidade cara ao patrimonio cultural e medioambiental.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos a a súa capacidade de xerar valores significativos.

COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

X3	Recoñecer e identificar as alteracións do ben cultural e as causas de seu deterioro para avaliar o estado de conservación.
X5	Determinar os criterios de intervención e decidir o tratamento de prevención, conservación e/ou restauración mais axeitado.
X6	Acadar coñecementos críticos sobre a metodoloxía, estratexias de actuación, tratamentos e emprego de materiais para a conservación e a restauración
X7	Deseñar sistemas e tratamentos de conservación e restauración
X9	Coñecer e aplicar a deontoloxía profesional e a normativa relativa aos bens culturais e a súa conservación e restauración.
X11	Acadar a capacidade de colaborar e traballar en equipo con outros profesionais, establecendo os mecanismos axeitados de comprensión e diálogo interdisciplinario.
X16	Avaliar a eficacia dos tratamentos realizados.

X17	Determinar e aplicar as condicións axeitadas para a conservación preventiva de ben cultural “in situ”, durante a súa exposición, almacenamento, transporte ou depósito.
X18	Documentar calquera dato derivado do estudo e proceso dos tratamentos de conservación e restauración que contribúa a facilitar a comprensión e coñecemento do ben cultural

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA MATERIA

Coñecer a relevancia da cuantificación de riscos no ámbito do museo
Acadar a capacidade para participar na redacción do plan de conservación preventiva no museo.
Controlar as condicións ambientais sobre as coleccións.
Comprender a necesidade de protección ante emerxencias, e capacidade para participar na redacción dos plans de emerxencia.
Comprender a necesidade de protección ante o roubo, vandalismo e conflitos armados para a conservación das coleccións.
Coñecer as esixencias específicas de control ambiental nos bens culturais inmoebles.

UNIDADES DIDÁCTICAS

Unidade	Subtemas	% da materia
1.Introdución	Plan de conservación preventiva, axentes e diagnose, estimación de riscos	20%
2. Plan de conservación preventiva no museo	2.1 Obxectivos do Plan 2.2 Fases 2.3 Estudio do entorno 2.4 Estudio do edificio 2.5 Estudio das coleccións 2.6 O informe final 2.7 Accións correctoras: visión xeral	60%
3. Plans de risco e emerxencias	3.1 Aspectos xerais do Plan 3.2 Avaliación de riscos 3.3 Identificación de recursos 3.4 Medidas ante emerxencias 3.5 Procedementos operativos 3.6 Recuperación 3.7 Medidas de seguridade e control do público	20%

PLANIFICACIÓN DOCENTE

CURSO ACADÉMICO 2023-2024

Metodoloxía	Horas aula	Horas fóra	Total
Sesión maxistral	20		20
Estudo autónomo		4	4
Traballos tutelados	4	7	11
Debates	3	3	6
Prácticas e estudos de casos	9	0	9
Total	36	14	50

METODOLOXÍA DOCENTE

Metodoloxía	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a presentar a materia e tomar contacto co alumnado.
Sesións maxistras	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases bases teóricas e/ou directrices do traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante. No caso de confinamento ou corentena as clases impartiranse a través da plataforma Cisco Webex Meetings co conseguinte traslado da información ao alumnado.
Traballo tutelado	Traballo individual autónomo. Estudo dos contidos expostos polo profesor. Estudos de caso, debates e outras actividades. Actividades de aplicación dos coñecementos e resolución de problemas e exercicios. O alumnado debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma. A tutela desenvolverase no horario establecido para tal fin.

SISTEMAS DE AVALIACIÓN

Método	Criterios	% avaliación
Probas escritas	Avaliación global do proceso de aprendizaxe e a adquisición de competencias e coñecementos	50 %
Exercicios prácticos	Puntualidade na entrega Calidade Rigor técnico-científico Grao de aplicación de conceptos teóricos Claridade, eficacia na expresión	40 %

Observación sistemática	Asistencia a clase, participación na exposición de debates e traballos propostos, e entrega dos mesmos nos prazos fixados	10 %
<p style="text-align: center;">OUTROS COMENTARIOS Á AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> • A asistencia é obrigatoria. A non asistencia ás clases repercutirá na cualificación nun 10%, o alumnado poderá ser cualificado cun 0 no apartado “Observación sistemática”. • Avaliarase o progreso do proceso de aprendizaxe, incluíndo este tódolos resultados acadados no traballo continuado de clase, os exercicios e traballos entregados no tempo estipulado e dous exames parciais que se realizarán ao longo do curso. <ul style="list-style-type: none"> • Avaliación continua: o alumnado deberá realizar tódolos traballos e exames establecidos ao longo do curso. • No caso de perda de avaliación continua o alumnado deberá presentar igualmente os traballos propostos ao longo do curso tanto en convocatoria ordinaria como en extraordinaria, en avaliación presencial ou en avaliación telemática. • Convocatoria ordinaria: ao rematar o curso, na convocatoria ordinaria, entregárase o traballo final coas correccións precisas. • Convocatoria extraordinaria: o alumnado que non supere a convocatoria ordinaria terá a posibilidade de presentarse á convocatoria extraordinaria. A avaliación extraordinaria consistirá na realización dun exame global da materia, presencial ou telemático. • Procedementos de comunicación para clases, titorías e consultas: <ul style="list-style-type: none"> • Correo electrónico corporativo: albertoconde@edu.xunta.gal • Plataforma Moodle (Plataforma de aprendizaxe empregada pola Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens de Galicia, de acceso mediante contrasinal a través da pestana AULA VIRTUAL). • Videoconferencia Webex. 		
ATENCIÓN PERSONALIZADA		
Ofrecerase atención personalizada ao alumnado durante todo o curso. As titorías docentes desenvolveranse no horario establecido para esta finalidade.		

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA
<ul style="list-style-type: none"> -AA.VV. Guía para un plan de colecciones ante emergencias. Ministerio de Cultura, Madrid, 2009. -Ashley-Smith J. Risk Assessment for Object Conservation. Butterworth-Heinemann, 1999. -Thomson, G. El Museo y su entorno. Ediciones AKAL, 1998 -Tillostson, Robert G.: La seguridad en los museos, Madrid: Ministerio de Cultura, 1980.